

MATRÍCULA PRESENCIAL DIRECTA

DO 5 DE AGOSTO AO 20 DE SETEMBRO

En Verín, O Barco e O Carballiño só en setembro: do 1 ao 20 de setembro

As prazas libres que quedan están a disposición das persoas interesadas e serán adxudicadas por orde de chegada a **partir do 5 de agosto**.

As persoas que obteñan unha praza nesta adxudicación teñen **PRAZO ATA O 20 DE SETEMBRO ÁS 12:00 HORAS** para pagar as taxas correspondentes e formalizar a súa matrícula na secretaría do centro. O alumnado deberá ter preparada toda a documentación necesaria. Para as seccións de A Ponte-IES Blanco Amor, Celanova e Ribadavia, a formalización das matrículas farase na secretaría da EOI de Ourense. Nas seccións da escola no Barco, O Carballiño e Verín, a formalización da matrícula realizarase a través das secretarías das propias seccións entre o 1 e o 20 de setembro.

As persoas que non formalicen a matrícula no prazo establecido perderán a súa reserva de praza.

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR:

- ▶ Tarxeta de matrícula debidamente cuberta.
- ▶ Resgardo do aboamento dos prezos públicos. [Vexa aquí como pagar](#). Lembre acreditar documentalmente o dereito a calquera exención ou desconto.
- ▶ [Declaración de coñecemento](#).
- ▶ [Protocolo de alumnado menor](#), se é o caso.

O alumnado de novo acceso deberá presentar, ademais:

- ▶ Fotocopia do DNI, ou NIE ou pasaporte.
- ▶ Para o alumnado menor de 16 anos a 31 de decembro de 2024 certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obligatoria no curso escolar 2023-2024, expedido polo centro onde estea matriculado consonte o modelo do [Anexo IV](#).
- ▶ No caso de discapacidade deberase achegar documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o [Anexo V](#).
- ▶ Lembre acreditar documentalmente o dereito a calquera exención ou desconto.
- ▶ O alumnado que acceda por titulación deberá presentar a documentación que o acredite. [Vexa aquí os accesos directos](#).